

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e seis de febreiro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, dos borradores da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 18 de febreiro de 2020 e da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 19 de febreiro de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 18 de febreiro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 19 de febreiro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Anuncio da Xunta Electoral de Zona da Coruña, respecto da prórroga do mandato da Xunta Electoral de Zona da Coruña que actuou nas anteriores eleccións xerais e a súa composición para as vindeiras eleccións ao Parlamento de Galicia. (Boletín Oficial da Provincia número 33, do 18 de febreiro de 2020).

- R.P. 5273/2020 do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, modificación das bases do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na

provincia da Coruña, durante o ano 2020 (FO221/2020). (Boletín Oficial da Provincia número 33, do 18 de febreiro de 2020).

- Resolución número 5165/2020, de 13 de febreiro, da Presidencia da excma. Deputación provincial da Coruña, polo que se aproba a convocatoria do “Programa de subvencións para limpeza de praias marítimas, dirixido a concellos da provincia da Coruña, durante o exercicio 2020. (Boletín Oficial da Provincia número 34, do 19 de febreiro de 2020).

- Orde do 31 de decembro de 2019, da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento CT211B). (Diario Oficial de Galicia número 34, do 19 de febreiro de 2020).

- Resolución do 11 de febreiro de 2020, da Secretaría Xeral da Igualdade, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se fai público o esgotamento do crédito para as subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. (Diario Oficial de Galicia número 36, do 21 de febreiro de 2020).

- Anuncio da Xunta Electoral de Zona da Coruña, respecto da publicación dos lugares públicos e locais oficiais para a realización de actos de campaña electoral, con motivo das eleccións ao Parlamento de Galicia, convocadas por Decreto 12/20, de 10 de febreiro.

3 Expedientes de contratación

3.1.- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L*, adxudicataria do servizo de “*Contratación artística e produción do XXVIII Festival Rock in Cambre*”. Expediente 2019/C004/000014

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de febreiro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 2 de agosto de 2019, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L* para o servizo de “*Contratación artística e produción do XXVIII Festival Rock in Cambre*”. Expediente 2019/C004/000014

Visto que no antedito expediente depositouse na Tesourería municipal unha garantía definitiva de data 19/07/2019 e importe de 4.775,00 euros, con número de rexistro 897, por medio de un aval bancario nº 190256 de data 15/07/2019 para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, con data do 21 de xaneiro de 2020.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 14 de febreiro de 2020.

A teor do establecido nos arts. 111, 210.3 e 311.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante

Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L”, con CIF B3693... e enderezo na Rúa Alcalde Lens, nº 23, baixo, 15010, A Coruña, no expediente número 2019/C004/000014, para o servizo de “Contratación artística e produción do XXVIII Festival Rock in Cambre”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 14 ao 20 de febreiro do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 246/2020 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Xuventude número 293/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
246/2020	14-02-2020	Inicio de procedemento sancionador por resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións da Administración pública a GNS, SDG, S.A.: PS.203. 1/2020. Proposta de imposición de sanción.
247/2020	14-02-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 18 de febreiro de 2020
248/2020	14-02-2020	Aprobación das liquidacións das escolas de actividade física e saúde xaneiro 2020
249/2020	14-02-2020	Aprobación do pagamento ao Consorcio das Mariñas da taxa de lixo correspondente ao terceiro trimestre de 2019



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

250/2020	14-02-2020	Aprobación de facturas con reparos suspensivos
251/2020	14-02-2020	Rexistro da marca Noutroira na Oficina Española de Patentes y Marcas
252/2020	14-02-2020	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da intervención por importe total de 10.519,40 euros
253/2020	14-02-2020	Desestimar o recurso de reposición interposto por AFF contra a resolución núm. 183/2020, do 5 de febreiro, da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, pola que se lle cesou como funcionario interino
254/2020	14-02-2020	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de xaneiro de 2020 e o seu pagamento.
255/2020	14-02-2020	Solicitud subvención parques empresariais 2020. Renovación de aparcadoiros no polígono Espíritu Santo, rúa Zeppeling e rúa Isaac Peral
256/2020	14-02-2020	Solicitud subvención parques empresariais 2020. Renovación do emisor da rede de saneamento do polígono de Espíritu Santo. Tramo Marisqueira
257/2020	14-02-2020	Aprobación de proxecto e solicitude de subvención ao Fondo de Compensación Ambiental para a campaña de sensibilización ambiental en Cambre
258/2020	14-02-2020	Aprobación do proxecto e solicitude de subvención ao Fondo de Compensación Ambiental para a campaña de sensibilización sobre boas prácticas ambientais no Concello de Cambre
259/2020	17-02-2020	Corrección de erros resolución de alcaldía num 250/2020 de data 14 de febreiro de 2020. Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos num. 1 A
260/2020	17-02-2020	Conceder a licenza de apertura para a actividade de restaurante café cantante desenvolvida na rúa Sixto. Solicitante: CC, S.L.
261/2020	17-02-2020	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 20 de febreiro de 2020
262/2020	17-02-2020	Recurso de reposición presentado pola sociedade mercantil EB, S.A. contra resolución 2294/2019 de 15 de novembro de 2019 relativa ao pago a conta da taxa depuración correspondente aos trimestres comprendidos entre o primeiro de 2018 e o segundo de 2019
263/2020	17-02-2020	Corrección erros. Exped, 2020/G003/000231
264/2020	17-02-2020	CM Servizo de substitución de neumáticos da furgoneta DACIA de Cultura
265/2020	17-02-2020	Solicitud, ao abeiro da convocatoria de programas de promoción económica dirixidos a concellos da provincia para socorrismo anualidade 2020, a subvención para o servizo de socorrismo na piscina municipal Castros do Bosque Cecebre
266/2020	18-02-2020	Contrato Menor para subministración de tarxetas preimpresas de carnés das Bibliotecas Municipais de Cambre
267/2020	18-02-2020	Adquisición de 50 exemplares do libro Xose Manuel Seivane Rivas a gaita con maiúscula como agasallo protocolario
268/2020	18-02-2020	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos por importe de 12.717,43 euros
269/2020	18-02-2020	Levantamento dos reparos formulados pola Intervención municipal relativos á produción do Entroido 2020

270/2020	18-02-2020	Subministración de 1500 tazas de 10x8 cor verde con logo a 2 posicións, que formará parte do inventario do Concello de Cambre para dar servizo ás asociacións municipais
271/2020	18-02-2020	Reposición legalidade urbanística por construción de peche destinado a galiñeiro, sen gardar distancia á finca sita en Anceis, Cambre. Propiedade: MBG
272/2020	18-02-2020	Reposición legalidade urbanística por construción de peche que corta un paso de servidume en finca sita en Anceis, Cambre. Propiedade: CSV
273/2020	18-02-2020	Declarar a desistencia da solicitude de licenza de apertura e obra para a actividade de salón de banquetes no pazo de Brexo sito na Pagueira, parroquia de Brexo. Solicitante: CJ, S.L
274/2020	19-02-2020	Convocatoria sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 19 de febreiro de 2020
275/2020	19-02-2020	TS: Subvención para a dotación de novidades editoriais e mellora das coleccións
276/2020	19-02-2020	Tramit Subv para o programa de animación á lectura LER CONTA MOITO
277/2020	19-02-2020	Solicitude de Subvención DEPUTACIÓN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
278/2020	19-02-2020	Concesión administrativa e apertura urna perimetral sinalada co número 169, letra C, no cemiterio municipal de Cambre a favor de don MAJ co fin de inhumar o cadáver de don EJFA falecido o 13-12-2019
279/2020	19-02-2020	Autorización transmisión mortis causa do dereito de uso privativo sobre a urna perimetral sinalada co número 35, letra A, no cemiterio municipal de Cambre, a favor da beneficiaria designada dona ME VN Expte: 2020/G003/000126
280/2020	19-02-2020	Autorización transmisión mortis causa do dereito de uso privativo das urnas perimetrais sinaladas co número 23, letras A,B,C e D, a favor de don EPL
281/2020	19-02-2020	Autorización transmisión do dereito de uso privativo das urnas perimetrais sinaladas co nº 106, letras C e D, no cemiterio municipal de Cambre, a favor de MMPR
282/2020	19-02-2020	Autorización transmisión mortis causa do dereito de uso das urnas perimetrais sinaladas co número 77, letras A e B. A urna numerada 77, letra A a favor de dona ABIR e a numerada 77 letra B, a favor de don AIR Expte. 2020/G003/000132
283/2020	19-02-2020	Inscripción GALAICOI no Rexistro de Marcas
284/2020	19-02-2020	Autorización inhumación do cadáver de dona DVD falecida o día 02-02-2020 na urna perimetral sinalada co número 169, letra D, no cemiterio municipal de Cambre
285/2020	19-02-2020	Autorización ocupación espazo público na rúa Estanque á altura do número 9 co fin de presentar o coche do Rellie Cidade da Coruña, desde as 19:00 h. do día 20 de febreiro de 2020 ata as 24:00 h. do día 21 de febreiro de 2020. Expediente 2020/G003/000245
286/2020	20-02-2020	Aprobación da lista de admitidos das escolas de actividade física e saúde febreiro 2020
287/2020	20-02-2020	Solicitude subvención ás entidades locais da ccaa galicia para a promoción da igualdade cofinanciadas polo fse co cargo ao



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		programa operativo fse galicia 2014-2020 e polo pacto de estado contra a violencia de xenero, no ano 2020
288/2020	20-02-2020	CM Memoria descritiva de actividades para festas infantís e Entroido pequeno 2020
289/2020	20-02-2020	Conceder a axuda lentes correctoras por importe de 200 euros. Solicitante: SLM
290/2020	20-02-2020	Conceder a axuda tres recibo de gas por importes de 70,95 , 53,36 e 22,08 euros e recibo de auga por importe de 31,46 euros a SBB
291/2020	20-02-2020	CM Suministros de materiais gráficos para a difusión do programa de Entroido
292/2020	20-02-2020	Aprobación facturas e certificacións Lopez y Leis con reparos suspensivos
293/2020	20-02-2020	Solicitude de subvención ao amparo da convocatoria do Programa de subvencións dirixido a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2020

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co seguinte asunto:

- Único.- Proposta de adxudicación do servizo de “Transporte de participantes en actividades organizadas polo Concello de Cambre”, a prol de “Automóviles Sigrás Carral S.A. y Autos Cal Pita, S.A. UTE”, no prezo ofertado máximo anual para itinerarios preestablecidos de 6.895,64 euros sen IVE, 7.585,20 euros IVE incluído. Expte: 2019/C004/000026

sendo aprobada a urxencia da totalidade da proposta por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

Único.- Proposta de adxudicación do servizo de “Transporte de participantes en actividades organizadas polo Concello de Cambre”, a prol de “Automóviles Sigrás Carral S.A. y Autos Cal Pita, S.A. UTE”, no prezo ofertado máximo anual para itinerarios preestablecidos de 6.895,64 euros sen IVE, 7.585,20 euros IVE incluído. Expte: 2019/C004/000026

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de febreiro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C004/000026 para a adxudicación, por procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática) do servizo de “Transporte de participantes en actividades organizadas polo Concello de Cambre”, cun orzamento base de licitación máximo para dúas anualidades de 45.963,30 sen IVE, 50.559,63 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 13.2.c) do prego de cláusulas administrativas particulares que constan na Acta da Mesa de Contratación de data 23 de xaneiro de 2020 respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente con data do 23 de xaneiro de 2020, a prol da Unión Temporal de Empresas a formar polas entidades “Automóviles Sigrás Carral S.A.” e “Autos Cal Pita, S.A.”, no prezo ofertado máximo anual para itinerarios preestablecidos de 6.895,64 euros sen IVE, 7.585,20 euros IVE

incluído, e tendo en conta as demais características da súa proposición, por ser o único licitador que presentou oferta no presente procedemento, e unha vez aplicados os criterios de adxudicación que constan na cláusula 13.2.c) do prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de dez días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, segundo informe do coordinador de actividades culturais e educativas municipal de data 21 de febreiro de 2020.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria accidental da Corporación, de data 24 de febreiro de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 37/2020 emitido polo interventor municipal con data do 24 de febreiro de 2020.

Á vista do establecido na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 157 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas 19 de decembro de 2019 e 23 de xaneiro de 2020, admitir á única proposición presentada pola entidade “Automóviles Sigrás Carral S.A. y Autos Cal Pita, S.A. UTE” , por cumprir as condicións e requisitos establecidos na cláusula 9 do PCAP, ao ter aportado debidamente cubertas as declaracións responsables segundo os modelos da cláusula 10.1 do PCAP e formular a súa proposición estritamente conforme ao modelo do Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 23 de xaneiro de 2020, a seguinte valoración da única proposición presentada, coa puntuación correspondente á oferta económica e demais criterios evaluables mediante fórmulas, así como o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas, que unha vez efectuado o cálculo queda establecido en **6.529,89 euros** sen IVE:

Criterio	Puntos
Prezo ofertado á baixa en itinerarios preestablecidos	50
Prezo ofertado á baixa do prezo base “Pb”	20
Presenza de cinturóns de seguridade nos vehículos	15
Idade media da flota	8

Terceiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas do 19 de decembro de 2019 e 23 de xaneiro de 2020, adxudicar o servizo de “Transporte de participantes en actividades organizadas polo Concello de Cambre” á favor da Unión Temporal de Empresas a constituir polas entidades “**Automóviles Sigrás Carral S.A.**” e “**Autos Cal Pita, S.A.**”, no prezo ofertado máximo anual para itinerarios preestablecidos

de 6.895,64 euros sen IVE, 7.585,20 euros IVE incluído, segundo os prezos unitarios e as demais condicións que constan na súa oferta e que se especifican a continuación, por ser a única entidade que presentou oferta no presente procedemento e unha vez realizada a valoración da súa proposición segundo os criterios de adjudicación que constan na cláusula 13.2.c) do prego de cláusulas administrativas particulares, ademais de ter presentado no prazo de dez días hábiles a documentación requirida na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares, de conformidade co artigo 150.2 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

1) Presuposto total máximo anual polos itinerarios preestablecidos:

- Prezo sen IVE : 6.895,74 €
- IVE (10 %) : 689,56 €
- Total : 7.585,20

O antedito importe foi calculado con base nos seguintes prezos unitarios:

Nº	ACTIVIDADE	PERCORRIDO	HORARIOS	KM	PREZO UNITARIO SEN IVE	PREZO UNITARIO IVE 10%	UNIDADE	IMPORTE TOTAL SEN IVE	IMPORTE TOTAL 10% IVE
1	Actividades en períodos vacacionais	Centros escolares dentro do municipio	De mañán a ida e de tarde a volta	20	111,22 euros	122,34 euros	62	6895,64	7.585,20 euros

2) Parámetros para itinerarios non preestablecidos:

- prezo base (Pb) para media xornada : 143,92 € IVE incluído
- prezo base (Pb) para xornada completa : 248,15 € IVE incluído
- incremento por cada hora de exceso do prezo base : 29,14 € IVE incluído
- coeficiente multiplicador (K): 0,75 euros/km IVE incluído

3) Presenza de cintos de seguridade entre o 86 e o 100 % dos vehículos,

4) Idade media da flota de vehículos destinados á execución do contrato entre 2 e menos de 3 anos

Cuarto: Por atoparnos ante un contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación consonte ao artigo 44 e 153 LCSP, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adjudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxese recurso que leve aparelada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adjudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

O adjudicatario presentará, antes da firma do contrato, os documentos relativos ao seguros a que se refire a cláusula 25, do prego de cláusulas administrativas particulares, e cláusula Segunda, punto 2.3.10) do Prego de prescricións técnicas particulares.

De conformidade co establecido nas cláusulas 15.1 e 17.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, as certificacións negativas do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, os

contratos e demais documentos previstos na citada cláusula 15.I e relativos aos medios personais destinados á execución do contrato, deberán constar no expediente de contratación antes do inicio da execución do contrato, correspondéndolle ao responsable do contrato a comprobación da súa acreditación.

Quinto: De conformidade co establecido o artigo 69 da LCS e cláusula 7.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato, deberá formalizarse a escritura de constitución da Unión temporal e presentar o NIF da citada unión dentro do prazo máximo de quince días a contar desde a notificación da adxudicación do contrato.

Sexto : Nomear como responsables do contrato ao coordinador de actividades culturais e educativas municipal, no que se refire aos servizos de transporte de programas de Educación, Xuventude, Cultura e Deportes, e á coordinadora de Servizos Sociais, no que se refire aos servizos de transporte de programas de Servizos Sociais, de conformidade co establecido na cláusula 17.1 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis no artigo 62.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lles corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notificar os presentes acordos ás dúas entidades integrantes da Unión Temporal adxudicataria, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Oitavo: Notifíquese aos responsables do contrato, e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Oscar A. García Patiño

Verónica María Otero López